



**Proceso selectivo para a provisión dunha praza
de uxier en réxime interino reservada para ser
cuberta por persoas que acrediten algunha
discapacidade intelectual**

(DOG núm. 158, do 22 de agosto de 2017)

Segundo exercicio

Texto de galego

NON abra o texto ata que o tribunal llo indique

**PODERÁ FACER NO TEXTO DE GALEGO AS
ANOTACIÓNS QUE CONSIDERE OPORTUNAS**

Memorias dun neno labrego

(Xosé Neira Vilas)

Texto adaptado

Eu son... Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén.

E ademais, pobre.

Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesar do que lle aconteceu por causa miña.

[...]

¡Que saben disto os nenos da vila!

Eles ignoran o que eu penso mentres boto ao corpo un grolo de caldo con broa. Ou o que sinto canto estou no monte pingando, aterecido, vendo por entre a chuvia unha pantasma bretemosa en cada árbore.

Eu quixera andar mundo.

Ir por mares e terras que non coñezo.

Nacín e crieime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo.

Teño pensamentos que non lle podo contar a ninguén.

Algúns non me entenderían e outros chamaríanme tolo.

Por iso escribo.

E despois durmo coma unha pedra.

Quedo desatafegado, libre, coma se me quitasen de enriba un bocoi.

¡Cousas miñas! E tamén de Smith, o capitán que estivo na guerra e cando volveu para a casa púxose a escribir todo o que lle acontecera.

Así está nun libro que me trouxo o Landeiro.

¡Se eu fixese un libro! Nin falar. Oxalá que non me atopen o caderno.

Daríame vergoña. E non é para menos. Porque nel envorco todo o que sinto.

Moi pouca xente o fai.

Todos abren o peteiro para dúas cousas; para dicir a verdade ou para arredarse dela.

Na miña casa non me comprendían.

E outro tanto me acontece na do Landeiro.

Iso é o peor que lle pode suceder a un, pero a moita xente non se lle dá.

Eu non sei se desvarío. Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendelo. Vexo sombras e luces, nubeiros que viaxan, lume, árbores.

¿Que é todo isto?

Ninguén me di, poño por caso, para que serven as estrelas, nin onde morren os paxaros.

Sei de certo que moitísimos anos antes de nacer eu xa había sol e penedos e fuxía a auga polo río.

E estou seguro de que todo seguirá igual despois de que eu morra.

Virá máis xente, e máis, tripando uns nos outros, esquecéndose adrede dos que morreron, coma se non tivesen vivido.